


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A AMPLIACIÓN DA AVD. DA DEPUTACIÓN NO POLÍGONO DE SABÓN

A Coruña, 16 de marzo de 2020

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José Carlos Calvelo Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Arteixo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.




As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. O principal acceso ao polígono de Sabón é a avenida da Deputación. Este vial, de titularidade municipal, presenta problemas de retencións de tráfico nas horas punta, coa entrada e saída de traballadores das empresas que teñen a súa actividade no polígono. Estas retencións chegan ata as proximidades da rotonda de Sabón, afectando ao seu funcionamento e ao das estradas autonómicas AC-552 e AC-551.

Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia procedeu a reordenación da rotonda de Sabón, mediante a execución dunha rotonda a nivel superior, mantendo a rotonda anterior a nivel do terreo. Ao novo anel superior só están conectadas mediante ramais de acceso as estradas DP-0509, de titularidade provincial cando se executou a obra e agora municipal, e as estradas AC-55 e AC-552 do lado de Vilarodís (dirección A Coruña) de titularidade autonómica. O obxectivo era evitar as interferencias que se producen entre os vehículos que circulan en dirección A Coruña-Arteixo e os vehículos que desexan acceder ao Polígono de Sabón dende a AC-551 e a AC-552 sentido A Coruña, dado que os primeiros circulan pola glorieta inferior e o resto pola superior, repartindo os dous tráfico principais entre as dúas glorietas. Estas obras rematáronse no ano 2014, dando cumprimento a un convenio asinado coa deputación da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas o 8 de maio de 2012.



Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos/as usuarios/as da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico. Con este obxectivo, e de cara a estudar as actuacións necesarias para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria na intersección das estradas AC-551, AC-552 e de acceso ao polígono de Sabón, redactou o proxecto de “Ampliación de capacidade da Avenida da Deputación no Polígono de Sabón”, de clave AC/17/193.03.

Terceiro. A Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Arteixo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Cuarto. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Quinto. Constatada a necesidade de levar a cabo as obras, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Arteixo deciden formalizar un convenio para a súa realización.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre as ditas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Arteixo para levar a cabo a execución das obras de “Ampliación da capacidade da Avenida da Deputación no polígono Industrial de Sabón”.



As obras buscan o incremento da capacidade da vía por duplicación de carrís ao longo do trazado da Avenida da Deputación, dende a glorieta de Sabón ata a intersección coa Avenida da Enerxía. Pódense distinguir tres tramos:

1. Tramo glorieta de Sabón – Avenida do Embalse

- En sentido Caión a vía xa dispón de dous carrís. Proxéctase un carril adicional en sentido A Coruña con conexión directa ao ramal de acceso á nivel inferior da glorieta.
- Renovación da sinalización horizontal da calzada.
- Na marxe esquerda, sentido Caión, habilitarase beiravía e beirarrúa ata intersección coa avenida do Embalse.
- Na marxe dereita, sentido Caión, habilitarase aparcadoiro en liña e beirarrúa ata embocadura da intersección coa avenida do Embalse.

2. Tramo Avenida do Embalse – Avenida da Moda

- Prevese duplicación de carrís por sentido.
- Na marxe esquerda, sentido Caión, habilitarase aparcadoiro en liña e beirarrúa.
- Na marxe dereita, sentido Caión, disporase beiravía e beirarrúa, previa construción de muros de contención coas parcelas lindeiras.

3. Tramo Avenida da Moda – Avenida da Enerxía

- Prevese duplicación de carrís por sentido con separación mediante mediana física.
- En ambas marxes habilitaranse beiravías e beirarrúas.

De acordo co proxecto redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas, o orzamento de execución destas actuacións estímase en **CINCO MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA MIL NOVECENTOS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (5.880.900,31 €)**, IVE incluído.



SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Arteixo obrígase a:

- 
1. Poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.
 2. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o seu titular.

3. Como trámite previo á adxudicación das obras, o concello achegará a certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade da totalidade dos terreos, nos termos do apartado 2 precedente.
4. Asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, a súa explotación, mantemento e conservación así como as responsabilidades correspondentes como titular destas, e o compromiso de formalizar a correspondente acta de entrega segundo o establecido na cláusula terceira, apartado 4.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

1. Elaborar e aprobar o documento técnico que contemple as obras previstas no presente convenio.
2. Licitat, executar, dirixir e financiar as obras obxecto deste convenio, segundo o proxecto, destinando para iso ata un máximo de **CINCO MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA MIL NOVECENTOS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (5.880.900,31 €)**, IVE incluído, con cargo aos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para os ano 2020 e sucesivos, aplicación 08.A1.512B.600.1, código de proxecto 2012 0006, distribuído do seguinte xeito:

2020	1.500.000,00 €
2021	1.500.000.00 €
2022	2.880.900,31 €


3. Unha vez recibidas as obras, a Axencia Galega de Infraestruturas, mediante comunicación formal, poñerá en coñecemento da entidade local. Esta data de comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda, apartado 4, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra. Posteriormente, e no

prazo de dous meses, formalizarase a correspondente acta de entrega á entidade local.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e un representante do Concello de Arteixo. As súas funcións entre outras serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.



A comisión poderase reunir as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.




QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector e a Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio. En todo caso, os compromisos de gastos aprobados pola Axencia Galega de infraestruturas, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.



Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre o Concello de Arteixo e a AXI.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN



As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- a. non cumprimento do seu obxecto.
- b. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- c. O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

d. Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO



Este convenio terá efecto dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula cuarta. Porén seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

En todo caso, a efectos económicos, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2022.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións.


Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



Ethel M^a Vazquez Mourelle

O alcalde do Concello de Arteixo



José Carlos Calvelo Martínez